



PROCEDIMENTO PARA A RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS CONTRA AS CUALIFICACIÓN DE 2º DE BACHARELATO

NORMATIVA

- **ORDE do 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- **Circular 2/2021** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2020-2021.

RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO

A. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS RECLAMACIÓNS.

- As **reclamacións**, dirixidas á Dirección do IES Praia Barraña, presentaranse **por escrito**, empregando o **modelo de solicitude** que a tal efecto os interesados terán á súa disposición na **Secretaría** do IES.
- O **prazo** de presentación das reclamacións será o seguinte:

Convocatoria ordinaria	24 e 25 de xuño de 2021 ata as 14 horas.
Convocatoria extraordinaria	06 e 07 de setembro de 2021 ata as 14 horas.

B. RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS.

- O departamento didáctico afectado deberá emitir unha **resolución motivada** sobre a reclamación interposta, tendo en conta os seguintes aspectos e seguindo o modelo do Centro:

Na convocatoria ordinaria	Na convocatoria extraordinaria
✓ Informe documentado do profesor da materia.	✓ Informe documentado do profesor.
✓ Avaliacións realizadas ao alumno.	✓ A proba de avaliación de setembro.
✓ Exames e traballos realizados por este durante o curso.	✓ A programación didáctica.
✓ A programación didáctica.	

- Na resolución motivada indícase que contra ela o alumnado ou os seus representantes legais poden solicitar á Dirección do IES Praia Barraña a remisión do expediente de reclamación á Inspección Educativa.
- O departamento didáctico deberá emitir un informe, no caso de que a reclamación teña que ser remitida á Inspección Educativa, no que se recollan as seguintes cuestións: descrición de feitos e actuacións previas, análise das actuacións seguidas no proceso de avaliación e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión.



C. NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

- A Dirección do IES Praia Barraña establece o **acto de entrega** da resolución do departamento aos interesados nos seguintes termos:

Lugar de entrega da resolución do departamento	Secretaría do IES Praia Barraña.	
Data e hora de recollida da resolución	28 de xuño de 2021. Entre as 09:00 h e as 10:00 h	XUÑO
	08 de setembro de 2021. Entre as 09:00 h e as 10:00 h	SETEMBRO

- No acto de entrega da resolución os interesados ou os seus representantes legais **asinarán copia da resolución** na que constará a data e a hora da entrega.

D. EFECTOS DA RESOLUCIÓN.

- No caso de que o departamento afectado considere procedente a rectificación da cualificación outorgada ao alumno e, logo de transcorridas 24 h sen que o interesado manifestase o seu desexo de elevar a reclamación ante a comisión de supervisión, a Dirección do IES Praia Barraña ordenará formalmente a dita rectificación, estendendo a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do interesado.

RECLAMACIÓNS ANTE O SERVIZO DE INSPECCIÓN

A. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS RECLAMACIÓNS.

Lugar de presentación da solicitude	Secretaría do IES Praia Barraña.
Prazo de presentación da solicitude	01 de xullo de 2021. Entre as 09:00 h e as 12:00 h.

B. COMUNICACIÓN Á INSPECCIÓN

Convocatoria ordinaria	01 de xullo de 2021.
Convocatoria extraordinaria	09 de setembro de 2021.

C. EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN.

O expediente de reclamación deberá conter os seguintes documentos:

- ✓ Copia da reclamación razoada presentada polo alumno.
- ✓ Escrito de solicitude do alumno ou representantes legais onde se manifeste o desexo de que o expediente de reclamación se remita á Inspección Educativa.
- ✓ Copia da resolución motivada do departamento da materia.
- ✓ Copia do informe do departamento que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise do proceso de avaliación realizada.
- ✓ Copia da programación didáctica do departamento.
- ✓ Copia da acta de avaliación final do curso e grupo da persoa reclamante.



- ✓ Informe da Dirección do IES Praia Barraña no que conste a data de entrega das cualificacións, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.
- ✓ Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada. **(So na convocatoria ordinaria)**
- ✓ Copia dos exames, traballos e demais material elaborado polo alumnado ao longo do curso na materia obxecto da reclamación. **(So na convocatoria ordinaria)**
- ✓ Informe documentado do profesor da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria. **(So na convocatoria extraordinaria)**
- ✓ Copia da citada proba extraordinaria. **(So na convocatoria extraordinaria)**

D. REMISIÓN DO EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN.

Convocatoria ordinaria	02 de xullo de 2021.
Convocatoria extraordinaria	10 de setembro de 2021.

E. NOTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN.

A resolución do expediente de reclamación feita pola Inspección Educativa **seralle notificada** ao alumno a través da Dirección do IES Praia Barraña.

F. EFECTOS DA RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN.

No caso de que a Inspección Educativa considerase procedente rectificar a cualificación reclamada, a Dirección do IES Praia Barraña ordenará formalmente dita modificación e estenderase a oportuna **dilixencia na acta de avaliación** e no **expediente do interesado**, facéndose constar a data da resolución da Inspección Educativa.